Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo correspondente á sesión ordinaria que se celebrou o xoves día 19 de xullo de 2007 ás 11 h na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

Camilo Vázquez García (CIG); Mercedes Suárez Pazos (CIG); Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Luís Anido Rifón (CIG); Xosé A. Vila Sobrino (CIG); Gloria M. Pena Uris (AGPTU); Manuel Megías Pacheco (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Generosa Fernández Manín (AGPTU); Joám J. Santamaría Conde (UXT); A. Javier García Núñez (UXT); Manuel Ramos Cabrer (UXT); Carmen Becerra Suárez (CCOO).

Desculpa a ausencia Enrique Ares (UXT) por estar de baixa médica.

Os puntos da orde do día foron:

1. Informe

O Presidente da Xunta de PDI informou de que lles comunicara a constitución da Xunta de PDI ó Reitor, ó Vicerreitor de Profesorado e ó Xerente. Tamén comunicou que fixara unha entrevista de cortesía da Xunta co Reitor para o día 30 de xullo ás 12 h. Na entrevista co Reitor, o Presidente da Xunta de PDI pretende establecer un calendario e presentar proxectos e propostas xerais. En concreto propón que a Xunta de PDI presente propostas sobre a) melloras sociais (saúde laboral, vacacións, teletraballo, etc.), b) condicións salariais e contractuais, c) condicións xerais de traballo, d) formación de profesorado e propostas sobre outras cuestións que os membros de PDI consideren.

O profesor Nicanor Alonso dixo que o tema máis urxente eran as enquisas de avaliación docente, que había que presentar unha proposta propia sobre esta cuestión e que, en caso de que non se aceptase a proposta da Xunta de PDI, habería que tomar medidas.

A profesora Generosa Fernández pediu que se achegase información sobre o acordo ANECA-ACSUG e as Universidades Galegas para implanta-lo programa Docentia e que se esixise información para transmitirlla a todo o profesorado sobre isto e sobre outras cuestións. Tamén pediu que a Xunta de PDI fixese todo o posible para poder asistir ós claustros ou a outros órganos de representación ós cales desexase asistir.

O profesor Joám Santamaria pediu que se informase á Xunta de PDI sobre as Escolas de Torrecedeira e que se pedise a esta Xunta opinión sobre isto. O Presidente manifestoulle que cría que este tema non era competencia da Xunta de PDI.

O Presidente da Xunta de PDI considerou que había que conseguir que os Programas Oficiais de Posgrao tivesen recoñecemento como docencia. A isto sumouse a profesora Gloria Pena. A profesora Mercedes Suárez manifestou, por un lado, que na Universidade de Santiago a docencia nos POPs oficiais contaba no POD pero non para sacar prazas e, por outro, que o problema actual consistía en que se están a solapar graos e cursos de doutoramento a punto de extinguirse cos novos posgraos. O Presidente insistiu no recoñecemento desa docencia aínda que fose testemuñal.

A profesora Gloria Pena quixo saber cómo estaba o cadro de persoal xa que esa información era moi importante para poder solicitar anos sabáticos. O profesor Vila Sobrino solicitou que houbese unha RPT. A profesora Carmen

Becerra manifestou que só podía pedirse o número de profesores e que había unha normativa clarísima. A profesora Mercedes Suárez pediu que se informase á Xunta de PDI sobre a distribución da carga docente. A profesora Generosa Fernández considerou que é imprescindible unha planificación de profesorado. A profesora Carmen Becerra expresou que se debía esixir que figurasen no POD os créditos dos Programas Oficiais de Posgrao e que ela estaba en contra de que houbese profesores desta universidade que cobrasen por eles. O Presidente da Xunta de PDI manifestou a necesidade de fixar un calendario e a necesidade de solicitar informes sobre o cadro de persoal. A profesora Generosa Fernández pediu que se obtivese información sobre a folgura nos PODs e sobre o que se cobraba por dar clase nos POPs e tamén pediu que habería que considera-los Títulos Propios da Universidade de Vigo. A profesora Carmen Becerra afirmou que os Títulos Propios non eran o mesmo cós Programas Oficiais de Posgrao.

2. Proxectos de R. D.

O Presidente da Xunta de PDI dixo que a Xunta debería estuda-los Reais Decretos que van saír para presentar emendas consensuadas por tódalas centrais sindicais. O Presidente considerou que se debía estudar especialmente a acreditación, o concurso de acceso, o grao, o máster e a ordenación do ensino universitario.

3. **Organización**

O Presidente da Xunta de PDI manifestou que habería unha reunión da Xunta de PDI por trimestre e que sería interesante considera-la posibilidade de crear unha comisión permanente e comités para estudar diferentes cuestións.

A profesora Gloria Pena solicitou unha páxina WEB para que sexan públicas as informacións e pareceulle máis razoable a proposta de crear comités cá proposta de crear unha comisión permanente. En relación coa páxina WEB, quedou encargado dela o profesor Vila Sobrino.Spain (Madrid)

4. Rogos e preguntas

A profesora Generosa Fernández pediu que se recadase información para tranladarlla ó profesorado acerca da cobertura sanitaria no estranxeiro. O tema, comentado tamén pola profesora Carmen Becerra, xurdiu por un problema que tivo un compañeiro, o profesor Corbacho.

E sen máis asuntos que tratar levantouse a sesión ás 12: 03 h.

Vigo, 19 de xullo de 2007

O Secretario O Presidente

Asdo. Aquilino Alonso Vázquez Asdo. Camilo